

EDITORIAL GALAXIA S.A.

Convoca Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas, que se celebrará en Vigo, na sede social da Editorial Galaxia, S.A. na Avda de Madrid 44 – baixo, o día 22 de xuño próximo ás cinco da tarde, en primeira convocatoria, ou, no seu caso, o día 23 á mesma hora, en segunda, baixo a seguinte:

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- Exame e aprobación, no seu caso, das Contas Anuais correspondentes ao exercicio 2017
- 2.- Proposta de reforma do artigo 23 dos estatutos, cambiando o número máximo de membros:

*“DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN: Artigo 23º.- Concepto e formación.- A administración e representación da Sociedade corresponden ao Consello de Administración actuando colexiadamente e integrado por un mínimo de cinco e un máximo de vinte membros, elixidos pola Xunta Xeral”*

- 3.- Nomeamento de Conselleiros.
- 4.- Propostas e preguntas
- 5.- Aprobación da acta ou designación de interventores ao efecto.

Os accionistas, dentro dos trinta días anteriores á celebración da Xunta, poderán examinar no domicilio social e obter de maneira inmediata e gratuíta unha copia dos documentos que serán sometidos á aprobación da mesma ou ben recabar o seu envío.

Anuncio: web corporativa [www.editorialgalaxia.gal](http://www.editorialgalaxia.gal) do día 15/05/2018.

**Art. 16 dos Estatutos sociais:**

1. Todo accionista con dereito de asistencia poderá facerse representar na Xunta Xeral por medio de outra persoa, aínda que non sexa accionista.

A representación deberá de conferirse por escrito e con carácter especial para cada xuntanza.

2. Para o caso de que os propios Conselleiros ou entidades depositarias dos títulos soliciten a representación para si ou para outros e, en xeral, sempre que a solicitude se faga de forma pública, será de aplicación o disposto no artigo 186 da Ley de Sociedades de Capital, coa salvedade, así mesmo, contida no art. 187 verbo da representación familiar.

Vigo, 11 de maio de 2018

  
Antón Vidal Andión  
Presidente do Consello de Administración